

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE AGOSTO DO 2021.****Sesión 10/2021-P**

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.10 horas do día xoves 26 de agosto do 2021, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario do Concello de Sada, que ten lugar no Salón dos Plenos.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 09/2021).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 09/2021, do 29.07.2021.

Non habendo intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión núm. 09/2021, do 29.07.2021, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO VEHÍCULO PICK-UP PARA O SEM, INCLUÍDO NO PAI 2016.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 09/2021, do 19 de agosto, que



recolle:

<<Ratificación resolución alcaldía de Modificación pregos de prescricións técnicas do vehículo Pick-Up para o SEM, incluído no PAI 2016.

1.- Ratificar a resolución nº 1748/201 de data 10-08-21 da aprobación da corrección efectuada nos pregos de prescricións técnicas redactados polo Enxeñeiro Técnico municipal D. Valentín Medina Prieto asinados en data 6-08-21, cun orzamento total de 30.000 € (prezo s/IVE: 24.793,39 €, IVE: 5.206,61 €).

2.- Dar conta deste acordo á Excma. Deputación Provincial>>.

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de facenda, administración local, administración electrónica, contratación e seguridade cidadá; da sra. Pardo Fafián (PSOE) e do sr. Tellado Villares (PP), quen anuncia a abstención do seu grupo municipal.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Ratificar a resolución nº 1748/201 de data 10-08-21 da aprobación da corrección efectuada nos pregos de prescricións técnicas redactados polo Enxeñeiro Técnico municipal D. Valentín Medina Prieto asinados en data 6-08-21, cun orzamento total de 30.000 € (prezo s/IVE: 24.793,39 €, IVE: 5.206,61 €).

2.- Dar conta deste acordo á Excma. Deputación Provincial.

3º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN PARA O SERVIZO DE SANEAMENTO (POS+2017-PAI 2017).

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 09/2021, do 19 de agosto, que recolle:

<<Aprobación da modificación do prego de prescricións técnicas para a subministración dun camión para o servizo de saneamento (POS+2017-PAI 2017).

1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de saneamento, incluído no POS+217, que corríxen as deficiencias detectadas, cun orzamento total de 127.225,45 €, redactado polo enxeñeiro técnico municipal D. Valentín Medina Prieto.

2.- Darlle traslado á Excma. Deputación provincial>>.

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Pardo Fafián (PSOE) e do sr. Tellado Villares (PP), quen anuncia que o seu grupo vaise abster.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de saneamento, incluído no POS+217, que corríxen as deficiencias detectadas, cun orzamento total de 127.225,45 €, redactado polo enxeñeiro técnico municipal D. Valentín Medina Prieto.

2.- Darlle traslado á Excma. Deputación provincial.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.



A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 26 de xullo (núm. 1644) ata o 20 de agosto do 2021 (núm. 1800).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 26 de xullo (núm. 1644, do expediente 2021/G003/001615) ata o 20 de agosto do 2021 (núm. 1800, do expediente 2021/G003/001884), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

Seguidamente, o presidente dá conta de que se comunicou o día de hoxe polo correo electrónico un recurso presentado contra o contrato de asistencia no fogar aprobado na sesión anterior, coa achega do contido do dito recurso e máis das alegacións presentadas polo concello, así como da corrección de erros dos pregos de prescricións técnicas e a ampliación do prazo por dez días máis que se lles dá aos licitadores logo da dita corrección de erros, quedando enterados os sres. Concelleiros.

B.- Mocións.

1ª.- Moción dos grupos municipais de sadamaioría, socialista, BNG e alternativa dos veciños sobre a supresión dunha liña das tres existentes no quinto curso de Educación Infantil no CEIP Pedro Barrié de la Maza de Sada e a posible non autorización dunha materia optativa no IES O Mosteirón en 4º de ESO.

A sra. Nogareda Marzoa xustifica a urxencia da moción, presentada polos grupos sadamaioría (SM), socialista (PSOE), bloque nacionalista galego (BNG) e alternativa dos veciños (AV).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (PP).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Nogareda dá lectura á moción:

<<Xosé Fernando Fariña Andrade, voceiro do grupo municipal de Sadamaioría, Isabel Reimúndez Suárez, voceira do grupo municipal do BNG, María Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal de Alternativa dos Veciños e María Pardo Fafián, voceira do grupo municipal PSdeG, ao abeiro do art. 64 do ROM presentan a seguinte

MOCIÓN

Relativa á decisión adoptada, por parte da Inspección Educativa da Xefatura Territorial de Educación da Coruña pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de proceder á supresión dunha liña das tres existentes no quinto curso de Educación Infantil no CEIP Pedro Barrié de la Maza de Sada e a posible non autorización dunha materia optativa no IES O Mosteirón en 4º de ESO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pretensión da Inspección Educativa da Xefatura Territorial da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da provincia de A Coruña de pechar unha aula de infantil das tres existentes na actualidade en quinto de Educación Infantil no CEIP Pedro Barrié de la Maza en Sada, fixo saltar as alarmas dentro da comunidade educativa non só do noso concello senón de toda Galicia ante o que, sen lugar a dúbidas, supón un novo ataque á educación pública de calidade por parte daqueles que teñen o deber de garantir que este dereito fundamental sexa digno, dotado de recursos, equitativo e universal. Neste sentido é prioritario destacar que tanto as ANPAS Galegas como a Confederación de ANPA de Centros Públicos (Confapa-Galicia) coinciden ao confirmar que nunha tantas asociacións de nais e pais se puxeran en contacto con eles na procura de apoio á hora de denunciar a redución de docentes, aulas e mesmo centros educativos de cara ao vindeiro curso. As dúas principais confederacións de ANPA de Galicia advirten dunha situación que, malia que aínda é difícil poñerlle cifras pola ausencia de datos oficiais desde a Xunta, é advertida pola comunidade educativa. Desde o sindicato maioritario na educación (CIG), avisan, tamén, de que os seus estudos confirman xa un recorte sen precedentes xa confirmado para o vindeiro curso de máis de 430 docentes en Secundaria, así como a redución de 109 unidades e uns 150 mestres e mestras en Primaria.

Pola súa banda, a Consellería de Educación nega eses recortes e asegura mesmo que habrá máis docentes que no curso 2019-20, o anterior á chegada do profesorado de reforzo por mor da pandemia. En todo caso, as posibles reducións nalgún centro, explican, xorde da caída demográfica. Pero as protestas das familias e consellos escolares de varios centros continúan: en Outes, en Fisterra, en Cangas, na Illa, en Chantada, en Sada... Ademais dos peches confirmados dos centros de Baamonde e Pino de Val, logo de meses de protestas.

É innegable que estas situacións veñen dadas por unha cuestión económica, pois o recorte de profesorado implica unha diminución de recursos humanos importante que implica un investimento menor que incide directamente, de xeito negativo, na calidade da educación.



No caso do noso Concello, estamos a vivir este verán o froito destas políticas de recorte; no CEIP Pedro Barrié de la Maza pechan unha das tres aulas de 5º de Educación Infantil, sen ter en conta a atención á diversidade, tan lexislada, acertadamente, pola propia Consellería, no seu Decreto 229/2011, de 7 de decembro, onde no punto 4 entre outras cousas di o seguinte:

1. A atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais. (Incúmprese totalmente esta medida, pois non se teñen en conta as circunstancias persoais, nin individuais nin do conxunto dos grupos afectados)

2. As decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos contemplarán a atención á diversidade. (As medidas de atención á diversidade contemplan entre outras, o desdoblamento de grupos que, dada a súa heteroxeneidade, requiran de certas medidas, tanto ordinarias como extraordinarias para levar a cabo unha ensinanza inclusiva e universal)

3. As accións preventivas e a detección temperá terán un carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e participación de toda a comunidade educativa e, no seu caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro. (Sendo a consellería coñecedora das circunstancias concretas de ambos grupos, a supresión dunha das aulas non é a mellor medida para levar a cabo actuacións preventivas que favorezan un ensino de calidade. Canto antes se poidan implantar medidas que favorezan a crecemento do alumnado, o fomento da súa autonomía será maior e o éxito educativo, unha realidade.)

En definitiva, tres aulas de 16 nenos e nenas, permite atender unha diversidade da que a Consellería xa é coñecedora desde o curso pasado; dúas de 25 implica que non se repara nas necesidades dos grupos.

Se a todo o anterior lle engadimos o feito de que nestes momentos de pandemia global a inmunidade de grupo está lonxe de se acadar, non deixa de abraiarse, que nunhas circunstancias sanitarias como as que temos, se decida a retirada dos apoios de profesorado do pasado curso e que mesmo se empeoren as condicións, pois tal decisión é dunha crueldade ou incompetencia excesiva.

Por outra banda, no IES O Mosteirón, a Consellería non quere autorizar que se imparta unha materia optativa en 4º de ESO se o número de matriculados é inferior a 5. Neste caso estanse a conculcar os dereitos do alumnado pois en 3º de ESO puideron cursar a materia equivalente (Matemáticas Aplicadas), que ten contido progresivo, e en 4º, en caso de non obter a autorización precisa para poder cursar a citada materia, veríanse obrigados a cursar Matemáticas Académicas; hai que destacar que os currículos das dúas materias son bastante diferenciados e isto suporía que este alumnado tería que incrementar o seu esforzo en 4º de ESO para poder poñerse ao día nunha materia que non impartiron en 3º de ESO.

Tendo en conta que o curso pasado se lles permitiu cursar esta materia (Matemáticas Aplicadas), que ademais o centro non precisa solicitar máis profesorado para poder impartila, e que os recursos do centro son suficientes, ademais de que non existe neste curso outro centro na localidade que imparta a materia que non queren autorizar, non se entende o empeño da Consellería en eliminar esta optativa.

No fondo da cuestión subxace o de sempre: a motivación da Xunta é puramente económica; intentar recortar o gasto en profesorado en canto as cifras dan a posibilidade de eliminar aulas, grupos ou colexios enteiros o cal non fai máis que revelar que o goberno da Xunta de Galicia parece renunciar absolutamente á educación como factor de convivencia, de impulso e de vertebración do país. Mais, fixar todo no custo económico do sistema educativo, como adoita facerse aplicando políticas neoliberais, é un erro porque todos entendemos e sabemos que é un investimento.

Por todo elo propoñemos ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, de xeito inmediato, proceda á anulación da decisión de proceder á supresión, para o vindeiro curso 2021/22, dunha das tres liñas existentes en quinto de Educación Infantil do CEIP Pedro Barrié de La Maza de Sada e autorice a continuidade da materia de Matemáticas Aplicadas en 4º de ESO no IES O Mosteirón.

Do mesmo xeito, instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que actualice as ratios por grupos, e así se recolla na lei, pois o número máximo e mínimo de alumnado por grupo está totalmente desactualizado e non atende á evolución da sociedade nin ás necesidades que se van presentando.

2º.- Instar Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, de maneira inmediata e definitiva, adopte as medidas precisas e necesarias para poñer a disposición tanto os medios humanos coma materiais que doten á educación pública dos recursos e investimentos axeitados para que, a longo prazo, esta se converta en factor fundamental da vertebración de Galicia >>.

Debátese a moción, coas intervencións da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. García Cotelo (PP); do sr. Fariña Andrade (SM); da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Reimúndez Suárez (BNG); novamente da sra. Pardo, do sr. García, do sr. Fariña, da sra. Nogareda e outra vez o sr. García.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:



1.- Instar á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade para que, de xeito inmediato, proceda á anulación da decisión de proceder á supresión, para o vindeiro curso 2021/22, dunha das tres liñas existentes en quinto de Educación Infantil do CEIP Pedro Barrié de La Maza de Sada e autorice a continuidade da materia de Matemáticas Aplicadas en 4ª de ESO no IES O Mosteirón.

Do mesmo xeito, instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que actualice as *ratios* por grupos, e así se recolla na lei, pois o número máximo e mínimo de alumnado por grupo está totalmente desactualizado e non atende á evolución da sociedade nin ás necesidades que se van presentando.

2.- Instar á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade para que, de maneira inmediata e definitiva, adopte as medidas precisas e necesarias para poñer a disposición tanto os medios humanos coma materiais que doten á educación pública dos recursos e investimentos axeitados para que, a longo prazo, esta se converta en factor fundamental da vertebración de Galicia.

2ª.- Moción do grupo municipal socialista sobre a rexeneración da praia de Sada.

A sra. Pardo Fafián xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal socialista.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Pardo dá lectura á moción:

<<Dna. María Pardo Fafián voceira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Sada ao abeiro do artigo 64.1 do ROM presenta para a súa consideración no Pleno a seguinte

MOCIÓN SOBRE A REXENERACIÓN DA PRAIA DE SADA

Exposición de motivos

Dende que a finais dos anos 80 se prohibise a extracción de áridos nos ríos Mendo e Mandeo e na Ría de Betanzos, e se realizasen as obras de modificación do peirao de Sada; o aporte sedimentolóxico que experimentou a ría levou case á colmatación do estuario na Ponte do Pedrido. Ao mesmo tempo, as praias viron reducida a súa zona seca cun retroceso na ría da costa que chegou a poñer en perigo a estabilidade das praias.

No 2002, elaborouse un estudo das causas da perda de area nas praias e redactouse un proxecto que trataba de recuperar o equilibrio dinámico natural no Pedrido e a súa contorna, incluíndo a rexeneración de varias praias situadas na Ría de Betanzos entre as que se atopaban as praias urbanas de Sada. Este estudo, logo de diversas fases de consulta pública, derivou na aprobación do proxecto definitivo o 29 de novembro de 2011.

O 23 de maio de 2015 publicouse no BOE o anuncio de licitación da obra “Actuación medioambiental de la ría del Pedrido, fase I, playa de Sada, término municipal de Sada (A Coruña)” nunha separata do proxecto posto que as actuacións máis urxentes na praia de Miño xa se tiñan realizado por mor dos desprendementos acontecidos en marzo de 2014 e que obrigaron a realizar un movemento de áridos superior a 50.000 m3.

No 2017 esta licitación se anula por deficiencias administrativas non subsanables e en agosto dese mesmo ano se volve a licitar o proxecto.

Antes da licitación, o 27 de abril de 2017, neste Pleno se achega unha Moción dos tres grupos do Goberno que naquel momento eran Sadamaioría, PSdeG-PSOE e BNG. Naquela Moción, que resultou aprobada, o Concello instaba ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, á execución inmediata e sen maior dilación das actuacións medioambientais e de posta en valor da Praia de Sada, cos compromisos orzamentarios e coa licitación urxente e adxudicación das obras á maior brevidade posible. Facendo referencia, naquel Pleno, ao Proxecto que antes mencionei.

Aínda hoxe é posible localizar no histórico da Web municipal, unha nova do 20 de agosto de 2017 na que fala da licitación da rexeneración da praia de Sada por Medio Ambiente. Nesa nova, indícase que dende que se desiste do procedemento no 2015 o Alcalde de Sada se reúne en distintos organismos para lograr un compromiso da Administración do Estado ante a tardanza na nova adxudicación. Cita tamén a misiva que envía o Alcalde á Ministra de Agricultura Isabel García Tejerina indicándolle “la preocupación de los vecinos y vecinas del ayuntamiento de Sada por el retraso que acumula el proyecto “Actuación ambiental en la Playa de Sada ” e unha segunda misiva onde lle traslada “la indignación de toda la sociedad sadense, gobierno y vecindario, por el retraso de año y medio que acumula la adjudicación de las obras de la citada actuación una vez realizada la apertura de ofertas”; tamén lle recordaba á Ministra que pasaran “cuatro meses desde su toma de posesión y en Sada seguimos sin tener noticias de esta actuación ambiental que, como le expresé anteriormente, es de vital importancia para el devenir de Sada, municipio que lleva aproximadamente 11 años



intentando convertir el arenal urbano en un lugar de uso y disfrute de la ciudadanía”. Di o Alcalde nesa carta que “Sada necesita urgentemente esta actuación ambiental en nuestro arenal que potenciaría otras actuaciones que seguro impulsarían la creación de empleo y la cultura emprendedora”. Creo que estamos todos dacordo co que expresa o Sr. Alcalde públicamente á Administración do Estado.

Mais en outubro de 2017 varios grupos ecoloxistas, contando co apoio do Alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, acudiron á Demarcación de Costas do Estado en Galicia para o único fin de paralizar “sine die” o proxecto de rexeneración co pretexto de que se destruíra unha especie catalogada en Réxime de Protección Especial, a *Zoostera Noltii*. Especie que, como sabe o Alcalde e calquera que queira consultar o Prego de Condicións Técnicas daquela licitación, tiña contemplado no proxecto a súa replantación, igual que acontece agora coa Ría do Burgo. Tamén se contemplaban restricións nos tempos de dragado para non interferir no desove das xibas e había unha partida para sementar bivalbo e recuperar o marisqueo.

O alcalde, que en agosto esixía públicamente a rexeneración, en outubro caladamente apoia a paralización; a consecuencia daquela xuntanza foi que o Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente resolve desisitir do procedemento unha vez máis a principios do 2018.

En marzo do 2018 publicouse a decisión do Ministerio de deixar en suspenso a contratación feito polo que a Sociedade Galega de Historia Natural se felicita xa que consideran un éxito o bloqueo das obras. Os socios daquel Goberno non queren ser partícipes desas xestións e logo do Consello Sectorial Ambiental celebrado o 10 de outubro de 2017, un dos poucos que se celebraron, lle piden ao Alcalde que non continúe co apoio ao bloqueo do proxecto. Chegando a comentar publicamente o Sr. Becerra, Concelleiro do BNG e con responsabilidades en Medio Ambiente naquel tempo que “As negociacións con Costas e coas asociacións as levou o Alcalde” e negándose a acudir á Demarcación de Costas formando parte da comitiva que levaba o Alcalde para aquela xuntanza que derivou na paralización do proxecto.

Unha vez máis o Alcalde está en misa e repicando, e a consecuencia foi a perda de 2 millóns e medio de euros para a rexeneración da Praia de Sada.

Recentemente, este Grupo Municipal, realizou xestións encamiñadas a coñecer a viabilidade de reactivar este proxecto; cun novo estudo de impacto ambiental, xa que o que había está caducado e coas modificacións que sexan precisas para adaptar o proxecto á realidade e ás necesidades actuais.

Dende a Administración Xeral do Estado nos trasladan que é un proxecto a retomar, que non vai ser algo que se poida resolver en dous días mais é unha obra importante e necesaria para Sada, pero o que resulta imprescindible é que dende o Concello de Sada se apoie sen fisuras a rexeneración. Porque o feito de que un Alcalde, que é o representante de todos os veciños e veciñas pida por un lado a execución dun proxecto e posteriormente apoie as peticións dos grupos que pretenden paralizalo, pode dar lugar a que novamente o proxecto non se leve a cabo e coa conseguinte perda de recursos públicos nos procedementos administrativos e nos estudos e modificados que haxa que realizar.

Por todo ilo propoñemos a adopción dos seguintes Acordos por parte do Pleno Municipal:

- 1.- Instar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a impulsar definitivamente e sen maior dilación as actuacións medioambientais e de posta en valor da Praia de Sada incluídas no proxecto de rexeneración da Praia de Sada coas modificacións que sexan precisas logo de analizar os informes biolóxicos e de impacto ambiental que sexan preceptivos.
- 2.- Dar traslado deste acordo ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como aos grupos parlamentarios das Cortes do Estado e do Parlamento de Galicia>>.

A continuación, o presidente anuncia a presentación dunha emenda por parte do grupo de sadamaioría, que explica e que se concreta en cambiar na parte dispositiva o punto 1 *in fine*, de maneira que onde pon “logo de analizar os informes biolóxicos e de impacto ambiental que sexan preceptivos” pase a poñer “logo de someter o proxecto á declaración ambiental”.

A sra. Pardo indica que a súa moción é a que é e que o seu grupo non está disposto a aceptar a emenda.

Prodúcese o debate, coa participación da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Reimúndez Suárez (BNG), quen avanza que o seu grupo hase abster; da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Fariña Andrade (SM) e da sra. Pardo Fafián (PSOE). Novamente da sra. Nogareda, da sra. Reimúndez, da sra. Salorio; e do presidente, sr. Portela Fernández (SM). Volven intervir a sra. Pardo, a sra. Nogareda, a sra. Reimúndez, de novo a sra. Pardo e a sra. Salorio.

A continuación, procédese á votación da emenda, “someter o proxecto á declaración de impacto ambiental”, en vez de “logo de analizar os informes biolóxicos e de impacto ambiental que sexan preceptivos”, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 AV).
- Votos en contra: 7 (5 PP e 2 PSOE).



- Abstencións: 2 (BNG).

Resultando aprobado por maioría simple o seguinte **ACORDO**:

1.- Instar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a impulsar definitivamente e sen maior dilación as actuacións medioambientais e de posta en valor da Praia de Sada incluídas no proxecto de rexeneración da Praia de Sada coas modificacións que sexan precisas logo de someter o proxecto á declaración ambiental.

2.- Dar traslado deste acordo ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como aos grupos parlamentarios das Cortes do Estado e do Parlamento de Galicia.

Logo da votación, a sra. Pardo expresa a súa queixa pola maneira de proceder con respecto da moción presentada.

C.- Rogos e preguntas.

O presidente di que hai un primeiro rogo presentado por escrito polo grupo municipal socialista (NRE 202199900004369, do 23 de agosto) que fora presentado polo dito grupo como moción na sesión ordinaria do pasado mes de abril, quedando sobre a mesa. A sra. Pardo Fafián (PSOE) dá lectura ao dito rogo:

<<O Grupo Municipal dos Socialistas de Sada de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento Orgánico do Concello de Sada, desexa someter á debate do Pleno o seguinte ROGO sobre un proceso de Estabilización-Consolidación do Emprego no Concello de Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Sada ten no seu cadro de persoal 18 prazas vacantes dun total de 101, segundo o publicado no BOP núm. 24 de 5 de febreiro de 2020. O que supón aproximadamente un 18% do total do cadro de persoal, unha cifra moi elevada e que vulnera a normativa europea sobre o traballo temporal.

En Sentenzas recentes, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), considera a temporalidade como unha fonte potencial de abusos en prexuízo dos traballadores que se atopan nunha situación de debilidade respecto ao empregador. O TXUE deixa en mans dos Estados determinar as condicións para corrixir este feito, mais interpretar de xeito contrario a situación, tamén segundo o TXUE, permitiría contratar a traballadores de xeito precario durante anos e podería ter por efecto excluír na práctica un grande número de relacións laborais de duración determinada; e permitir a utilización abusiva desas relacións por parte dos empregadores para satisfacer necesidades permanentes e estables en materia de persoal.

Recordan os xuíces que a xurisprudencia nacional en virtude da que as relacións de servizo temporais e de duración determinada se consideran xustificadas por “razóns obxectivas” non teñen cabida se a renovación responde a necesidades permanentes, como é o caso do Concello de Sada.

Poderíamos buscar culpables, mais o acaído neste caso é buscar solucións, todos os gobernos de todas as cores tiveron culpa de dilatar no tempo esta cuestión; e a única afirmación real é que os eivados son os traballadores. Traballadores que accederon ao seu posto mediante un proceso selectivo, cumprindo os criterios de libre concorrência, igualdade, mérito e capacidade; e que levan desempeñando os seus traballos con dilixencia, profesionalidade, responsabilidade, lealdade institucional e mesmo, en moitos casos, excedéndose nas súas funcións para acadar unha administración local próxima e que responda ás necesidades da cidadanía. Traballadores, que non son números, que son persoas, e que teñen familias que dependen da súa relación laboral con este Concello, e traballadores aos que se lles negou o dereito a participar nun proceso para acceder a un posto de traballo fixo dentro dos 3 primeiros anos da súa relación laboral co Concello.

Por todo o anterior, consideramos que hai que dar a oportunidade, dentro do marco legal actual, ao persoal do Concello de Sada que se atope nunha situación laboral en fraude de lei por mor de abuso da temporalidade, de acceder a un proceso de consolidación da praza real, no que se teñan en conta as peculiaridades dos traballadores que a ocupan, posto que son eses traballadores os que levan sufrindo o abuso por parte da administración moito tempo, nalgún caso máis dunha década.

Por todo isto, rógase a esta Corporación Local que se debata a necesidade de dar impulso ao seguinte:

Expediente de estabilización do emprego conforme ao regulado no Real Decreto-lei 14/2021, do 6 de xullo de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público para as prazas de natureza estrutural, dotadas orzamentariamente e ocupadas de xeito temporal ininterrompidamente alo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020; e demais lexislación e xurisprudencia existente (Sentenza do TSX Galicia 31 de maio, STC 27/2012 de 1 de marzo, entre outras.)

De desistir do procedemento iniciado de oficio debido á nova oportunidade aberta co Real Decreto-Lei 14/2021 que non existía no momento no que se aprobou a oferta de emprego público de 2019.

E a necesidade de inicialo de xeito inmediato xa que a limitación temporal é importante, o 31 de decembro de 2021 >>.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000010

Debátase sobre este rogo, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), da sra. Salorio Porral (PP), da sra. Taibo Fernández (SM) e da propia sra. Pardo.

O presidente di que hai un segundo rogo que foi presentado como moción polo grupo municipal do partido popular (NRE 202199900004378, do 24 de agosto) pero que debe de se tratar coma un rogo logo das indicacións para os efectos da secretaria. A sra. Salorio Porral (PP) dá lectura ao dito rogo, variando o necesario da súa estrutura inicial de moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, por delegación de la ministra de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, mediante resolución de 6 de junio de 2017, otorgó al Ayuntamiento de Sada la concesión para la ocupación de 5.906 m² de dominio público marítimo-terrestre, con destino a la legalización de la ordenación y urbanización de la zona comprendida entre el edificio de La Sociedad R.C.D. y el final de la zona arbolada de la playa de Sada.

Dicha concesión se otorgó por el plazo de 15 años, prorrogables hasta un máximo de 30 años si persisten las condiciones de interés que motivaron el otorgamiento de la concesión.

Considerando que ya han pasado más de cuatro años desde la citada concesión, sin que se iniciasen los trámites necesarios para la legalización de la ordenación y urbanización de dicha zona que motivaron el otorgamiento de la concesión, el Grupo Municipal de Partido Popular de Sada, propone al Pleno para su debate, y aprobación el siguiente

ACUERDO

Único.- Que por parte del gobierno de Sada se inicie el expediente para la legalización de la ordenación y urbanización de la zona comprendida entre el edificio de La Sociedad y el final de la zona arbolada de la playa de Sada, objeto de la concesión otorgada por la dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar>>.

Antes de se debater o rogo o presidente fai algunhas aclaracións para os efectos, intervindo seguidamente a sra. Salorio. Debátase sobre este rogo, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Reimúndez Suárez (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE), do presidente sr. Portela Fernández (SM) e da propia sra. Salorio; e novamente do presidente e da sra. Salorio.

O presidente di que hai outro rogo, logo das indicacións da secretaria, que tamén fora presentado coma unha moción, neste caso polo grupo municipal da alternativa dos veciños (NRE 202199900004397, do 25 de agosto). A sra. Nogareda Marzoa (AV) dá lectura ao dito rogo, variando o necesario da súa estrutura inicial de moción:

<<A Sociedade recreativa, cultural e deportiva de Sada constituíuse o día 30 de agosto de 1962. Desde entón e ata o día de hoxe, esta Sociedade ven desenvolvendo as súas actividades no local social que está situado nunha parcela pública, froito dunha antiga concesión de Costas ao Concello no ano 1952.

Incomprensiblemente, o 22 de setembro do 2000 a corporación presidida por Ramón Rodríguez Ares, coa desculpa da realización do proxecto de Recuperación do Borde Litoral da Praia de Sada, acordou renunciar á concesión da parcela na que estaba construído o local social desta Entidade e a que o Concello xa lle outorgara licencia e autorización de uso do solo. A actitude do Concello ante Costas, levou a este organismo a ordenar a demolición do edificio para realizar un Paseo que nunca se chegou a facer e que a día de hoxe sería inviable.

Desde hai vinte anos a Sociedade recreativa, cultural e deportiva de Sada está a sufrir unha situación crítica coa baixa de centos de socios e socias e a eliminación de moitas das actividades que levaban a cabo. Como consecuencia desta situación os seus directivos ofrecéronlle en diferentes ocasións ao concello a cesión das instalacións para simultanear todas as actividades das que o pobo de Sada viña gozando desde hai máis de sesenta anos.

O pleno do 30 de outubro de 2007 acordou por unanimidade que o edificio da Sociedade, deseñado polo prestixioso arquitecto Andrés Fernández-Albalat, se mantivera en pé e non fora demolido mais a xefatura de Costas fixo un requirimento para que, a pesar de que tiña licencia, se efectuara a mencionada demolición. Como se sabe, Costas nin executou o Paseo nin demoleu o edificio.

España está sementada de concesións na zona marítimo terrestre, a maior parte privadas e situadas en praias con edificios de vivendas e locais de hostalaría na mesma contorna

Por todo o exposto e ante a carencia que a vila de Sada ten de locais para actividades sociais e culturais, o grupo municipal de Alternativa dos Veciños propón ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- *Que o Concello de Sada solicite novamente a concesión que lle fora outorgada no ano 1952 a respecto do uso das instalacións situadas na Rúa da Praia, 1, local onde desenvolve a súa actividade a entidade Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva Sada; coa fin de levar a cabo no lugar actividades municipais e actividades veciñais de forma que se comparta o espazo.*

SEGUNDO.- *Facultar ao Alcalde para levar adiante todas as xestións necesarias para a consecución da citada concesión>>.*



Debátese sobre este rogo, coas intervencións da sra. Reimúndez Suárez (BNG), do sr. Blanco Montero (PSOE), da sra. García Freire (PP), do presidente sr. Portela Fernández (SM) e da propia sra. Nogareda; e novamente da sra. García, da sra. Nogareda e do presidente.

O sr. Blanco Montero (PSOE) roga que se axilien os trámites para que se modifique o regulamento orgánico municipal (ROM) no que atinxe ás emendas ás mocións, no senso no que xa se ten pactado, para que non se poidan desvirtuar as mocións presentadas pola oposición mesmo como di que ocorreu nesta sesión.

Seguidamente di que a súa compañeira de grupo, a sra. Pardo Fafián, ten máis rogos e preguntas e escúsase porque di que ten que marchar, abandonando a sesión ás 22:42 horas.

Antes da súa intervención, o presidente dálle contestación á sra. Pardo con respecto dunha pregunta que fixera anteriormente sobre uns terreos próximos ao cemiterio da igrexa de Mosteirón.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) fai os seguintes rogos:

1º) Roga que en diante se dea cumprimento ao ROM, tanto da obriga de responder ás preguntas formuladas nos plenos como da de dar quendas por alusións e a de respectar as intervencións dos representantes elixidos democraticamente pola veciñanza.

2º) Roga que se debata sobre un rogo da sesión anterior, relativo ás licenzas de dous locais de hostalería que di que estiveron realizando a actividade de cafetería durante gran parte da pandemia, nomeadamente nos momentos nos que o ocio nocturno estaba pechado, e que tiñan licenza de café-bar especial, de ocio nocturno, para que en síntese se analizasen ambos expedientes xunto coas follas de visita da Policía Local por se fose o caso de ter que enviar unha aclaración á Dirección Xeral, á que se lle dixera que todo estaba correcto e cumprían coa normativa cando di que non era así.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula as seguintes preguntas:

1º) Pregunta se logo de traelo a catro plenos se lles vai responder á pregunta sobre a posibilidade de iniciar un expediente modificación de actividade antes de que transcorran tres meses da declaración de ineficacia dun expediente anterior.

2º) Pregunta ao alcalde se vai responder ás dúas preguntas sobre as funcións realizadas polos auxiliares da Policía Local formuladas no pleno anterior á sra. Taibo quen, segundo di, dixo que non as había responder ou se tampouco el as vai responder.

3º) Pregunta con relación á nova normativa da Xunta de Galicia sobre a pesca deportiva se fixo ou pensa facer algo na defensa dos intereses dos pescadores deportivos en Sada, cando menos para solicitar unha ampliación das zonas de pesca.

4º) Pregunta pola vontade de mudar na forma de actuar con relación á transparencia e á participación, logo de expoñer que non se lles está a facilitar o seu labor en todos os casos no que atinxe ao acceso en tempo aos expedientes aos que solicitan o acceso.

5º) Pregunta á sra. Nogareda Marzoa (AV) se pode responder á pregunta que fixo no pleno pasado no tocante ás posibles responsabilidades que se poidan pedir tanto políticas como legais polos feitos que puxo de manifesto nas sesións plenarias anterior e actual, como por exemplo o das dúas terrazas sen licenza, e se vai esixir responsabilidades políticas por estes feitos.

O sr. Tellado Villares (PP) pregunta para cando se han comezar a realizar as obras do Tarabelo, pola que se interesan os veciños.

A sra. Salorio Porral (PP) roga que se proceda como corresponda para retirar un vehículo que semella abandonado no espazo protexido da carballeira de Soñeiro ao que se referiron hai xa seis meses no pleno e que xa levaba meses aí; e máis uns mobles e entullo que se depositaron con posterioridade xunto del.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000010

A sra. Salorio Porral (PP) formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se é correcta unha información que lles chegou pola que o concello habería custear ou subvencionar un curso privado de pedagogía Waldorf *Escuela del Bosque* no colexio de Mondego; e, de ser o caso, se é posible abrir a posibilidade para se inscribir aos profesores doutros centros e non pechar a actividade só aos do colexio de Mondego.

2ª) Pregunta se o alcalde ten noticia de se algún licitador da demolición do edificio de “El Náutico” te recorrida a licitación, no xulgado ou mesmo na vía administrativa.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 10 minutos do día xoves 26 de agosto do 2021, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.
